



SORTEO “*pescadeRías de onde se non?*”

NAS PRAZAS DE ABASTOS

MARZO-ABRIL 2017

SORTEO PESCADERÍAS DE ONDE SE NON?

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. PRESENTACIÓN

A Consellería do Mar desenvolveu e puxo en marcha a marca “pescadeRías ¿de onde se non?”, coa finalidade de promocionar os produtos frescos da pesca artesanal, garantindo a súa trazabilidade. Esta marca xorde coa idea de que os produtos do mar procedentes da pesca artesanal poidan ser claramente diferenciados, dentro da variada oferta que presenta un mercado cada vez máis globalizado e cunha ampla variedade de produtos.

Neste marco, estanse a celebrar diferentes actividades. Unha delas é un sorteo nas Prazas de Abastos de Galicia que venden produto certificado pola marca “pescadeRías ¿de onde se non?” e contan con praceiros e praceiras adheridos a dita marca de calidade.

2. PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas maiores de 18 anos que realicen unha compra de produtos do mar nun establecemento ou posto de venda adherido á marca “pescadeRías ¿de onde se non?”, que se atope ubicado nalgunha das prazas de abastos participantes no sorteo, nas datas indicadas no epígrafe 4 deste documento. Deberán cumprimentar a papeleta que lle entreguen e introducila na caixa habilitada a tal efecto na praza de abastos.

A participación será de xeito **individual e gratuíta**.

3. PREMIOS

Concederanse os seguintes premios nas prazas de abastos participantes no sorteo:

- 3 vales de compra de 30 euros de peixe fresco certificado coa marca “pescadeRías, de onde senón?”+kit de cociña composto por mandil, bolsa da compra e libreta de notas.
- 2 kits de cociña composto por mandil, bolsa da compra e libreta de notas.

4. FASES DO SORTEO

4.1. Compra

Para poder participar, deberás realizar unha compra de peixe e/ou marisco etiquetado coa marca pescadeRías, garantía de ser un produto da pesca artesanal capturado polos nosos mariñeiros e mariscadores na pesca do día, mediante artes selectivas e cun grao de frescura extraordinaria.

A túa peixeira ou peixeiro entregaráche unha papeleta que deberás cubrir cos teus datos e introducila na caixa colocada na praza para tal fin.

4.2. Desenvolvemento do sorteo

O sorteo levarase a cabo nas Prazas de Abastos de Bueu, Portonovo, Sanxenxo, Cambados, Pontevedra, A Guarda, Santiago de Compostela e Cee.

A entrega de papeletas para o sorteo realizaranse nas seguintes datas, en función das distintas prazas participantes:

LOCALIDADE	INICIO DA CAMPAÑA	DATA E HORA DO SORTEO
Santiago de Compostela	17 de marzo	7 de abril. 9:30 h
Cee	17 de marzo	7 de abril. 12:00 h
Portonovo	17 de marzo	7 de abril. 12:00 h
Sanxenxo	17 de marzo	7 de abril. 10:00 h
Bueu	18 de marzo	8 de abril. 09:30 h
Cambados	18 de marzo	8 de abril 12:00 h
Pontevedra	18 de marzo	8 de abril. 12:00 h
A Guarda	18 de marzo	8 de abril. 12:00 h

4.3. Resultado e comunicación do sorteo

O resultado do sorteo comunicarase ás persoas gañadoras por teléfono, notificarase por medio dun anuncio no taboleiro de anuncios da praza, así como na web e redes sociais da marca “pescadeRías ¿de onde se non?”

5. CONFORMIDADE

A participación no sorteo conleva a plena aceptación das bases de participación, así como o consentimento para a utilización e difusión das imaxes e fotografías das persoas participantes por parte da marca “pescadeRías ¿de onde se non?”

En ningún caso se poderán ceder as fotografías a terceiros, salvo autorización expresa da persoa autora.

De conformidade co disposto pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados de forma voluntaria, pasarán a formar parte dun ficheiro responsabilidade da marca “pescadeRías ¿de onde se non?” e conservados coa finalidade de atender e xestionar o sorteo e outras actividades informativas sobre a marca pescadeRías que promova a Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

6. ANEXO

Papeleta de sorteo que se entregará nas prazas

GRAN SORTEO

pescadeRías, ¿de onde se non?

Coa túa compra de peixes e mariscos certificados pescadeRías, participarás nun sorteo de:

- Lotes de peixe fresco certificado + kit de cociña
- Kits de cociña compostos dun delantal+ unha bolsa da compra+ unha libreta para as túas receitas



Comprando peixes e mariscos certificados da pesca artesanal, apostas pola frescura e calidade dos produtos do mar, pola sustentabilidade das nosas rías e polas vilas mariñeiras.

NOME E APELIDOS: _____

TELÉFONO: _____

A participación supón a aceptación das bases do sorteo, que se poden consultar no taboleiro de anuncios da praza.
deondesenon.xunta.es